

## MARÉ

**GALARDÓN**

■ Por ser un  
"mestre" da poesía

**A AELG premia  
co 'Escritor  
Galego Universal'  
a Juan Gelman**

A Asociación de Escritores en Lingua Galega decidiu onte outorgarlle o galardón 'Escritor Galego Universal' ao escritor arxentino Juan Gelman. A distinción entregáraselle no transcurso da Cea das Letras, un dos actos más importantes da AELG xunto cos seus premios, uns galardóns que, concedidos por escritores para escritores, levan camiño de se afianzar como uns dos de máis prestixio no noso panorama literario. A Cea das Letras celebrarase no mes de maio de 2010.

Poeta, periodista e tradutor nacido en Bos Aires, o escritor Juan Gelman ten demostrado ao longo da súa vida ser un mestre dese "oficio ardente" que para el é a poesía, un xénero que combina coa súa actitude cívica e a súa constante denuncia das violacións dos dereitos humanos.

Gelman é o poeta arxentino máis premiado da súa xeración, a dos anos 60-70, merecendo galardóns como o Nacional de Poesía arxentino, o de Literatura Latinoamericana e do Caribe Juan Rulfo, o Iberoamericano de Poesía Pablo Neruda, o Reina Sofía de Poesía Iberoamericana e o Premio Cervantes 2007. • REDACCIÓN